

1 Escribe V se é verdadeiro e F se é falso.

- As funcións vitais que realizan os seres vivos son nutrición, relación e reprodución.
- As células animais posúen núcleo, citoplasma e cloroplastos.
- As células agrúpanse e forman tecidos, que crean órganos, que se unen formando aparatos.

2 Rodea a opción correcta en cada caso.

- Os seres vivos / virus clasifícanse en cinco reinos.
- Os seres vivos do reino das plantas / os fungos fabrican o seu propio alimento.
- Os protozoos / animais son seres pluricelulares.
- As bacterias / amebas pertencen ao reino das algas e os protozoos.

3 Risca a oración que non é correcta.

- Na nutrición participan os aparatos dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor.
- O sistema urinario pertence ao aparato dixestivo.
- O quimo fórmase no estómago.
- Durante a absorción, os nutrientes do quilo pasan ao sangue no intestino delgado.

4 Relaciona as dúas columnas para completar as oracións.

- | | | |
|------------------------|---|---|
| Mediante a respiración | • | distribúe o osíxeno e os nutrientes polo organismo. |
| O intercambio de gases | • | expúlsase ao exterior a través da vexiga. |
| O aparato circulatorio | • | prodúcese nos alvéolos pulmonares. |
| A urina | • | obtemos osíxeno e expulsamos dióxido de carbono. |

5 Escribe SI ou NON segundo corresponda.

As células reprodutoras masculinas chámanse testículos.	
As trompas de Falopio comunican os ovarios co útero.	
Os espermatozoides posúen cabeza, pescozo e cola.	
A fecundación prodúcese cando a cabeza do espermatozoide entra no óvulo.	

6 Falta pouco para a chegada dun novo membro da familia. Observa a imaxe e completa.



a) Fíxate no carrusel que hai sobre o berce e escribe o nome dos reinos representados. Que reinos faltan nel?

1: 2: 3:

b) Observa os dous cadros do salón e escribe que representan. En que te fixaches para descubri-lo?

a:

b:

c) Que función está realizando cada un destes aparatos na nena que come a mazá? Relaciona.

<p>①</p> <p>Aparato respiratorio</p> <div style="border: 1px solid black; padding: 5px; margin-top: 10px;"> <p>Obtén o osíxeno do aire que as células utilizan para obter enerxía.</p> </div>	<p>②</p> <p>Aparato dixestivo</p> <div style="border: 1px solid black; padding: 5px; margin-top: 10px;"> <p>Limpa o sangue ao eliminar os refugalos que producen as células.</p> </div>	<p>③</p> <p>Aparato circulatorio</p> <div style="border: 1px solid black; padding: 5px; margin-top: 10px;"> <p>Transforma os alimentos que inxerimos en elementos máis sinxelos, denominados nutrientes.</p> </div>	<p>④</p> <p>Aparato excretor</p> <div style="border: 1px solid black; padding: 5px; margin-top: 10px;"> <p>Leva os nutrientes e o osíxeno a todas as células do corpo humano.</p> </div>
---	---	---	--

d) Por último, observa a súa nai. Está embarazada de oito meses. En que etapa da súa vida se encontra? E a súa filla? E a avoa?

.....

.....